



Clasificación

Reino Animalia
Filum Mollusca
Clase Gastropoda

Subclase Caenogastropoda

Orde Neogastropoda
Superfamilia Muricoidea
Familia Muricidae
Subfamilia Ocenebrinae

Descrición

Especie mediana, ata 50-60 mm de altura; 4-7 voltas espirais, concha sólida cunha ornamentación grosa de cristas prominentes; as cristas son máis prominentes e angulosas na periferia ou no ombreiro, e no espazo entre estas é practicamente liso.

Hábitat e Bioloxía

Especie gonocórica, cos sexos separados. A época de posta é na primavera-verán, pero en Francia detectouse tamén unha segunda posta cara ao final do outono-inverno. Os ovos son fertilizados internamente. As postas adoitan facerse sobre cunchas baleiras de ostras e outros bivalvos. Despois dun período de desenvolvemento de tres semanas aproximadamente, emerxen 10 xuvenís de cada cápsula. Aliméntanse principalmente de bivalvos (ostras, ameixas, berberechos e mexillóns) e, en menor medida, doutros gasterópodos e crustáceos como os arneiróns. Toleran amplos rangos de temperatura e salinidade.

Especies semellantes

Compite coa especie nativa *Ocenebra erinacea* á que pode superar en número, moi difíciles de distinguir debido á variabilidade morfolóxica de ambas.

Distribución

Especie orixinaria do Pacífico, desde o norte de China, Corea e Xapón, ata as illas Sakhalin e Kuriles en Rusia. Foi introducida en 1924 na costa occidental de Norteamérica e desde 1995 en Francia, Holanda, Dinamarca e Portugal. En Galicia polo momento só foron atopados na Illa de Arousa (Ría de Arousa). Podar alcanzar grandes densidades, de ata 100 individuos por m².

Curiosidades

Depredan sobre bivalvos nativos como a ostra *Ostrea edulis*, mexillóns e diferentes especies de ameixas e berberechos.

